

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DE CONTROL
DO PLANO PENSIÓNS DA UNIVERSIDADE DE VIGO

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Reitor

Manuel Joaquín Reigosa Roger

Xerenta

Yolanda Trinidad Lesmes Romero

Vicexerenta de Recursos

Humanos

Noemí Sirera Diéguez

Vicexerenta de Economía e

Asuntos Xerais

María del Carmen Sánchez

Barreiro

Xefe da Sección de

Retribucións e Seguros Sociais

Manuel Valebona Refojos

PARTÍCIPIES

María Montero Muñoz

Miguel González Loureiro

Pedro González Santamaría

Luis J. Olivares Requejo

(*escusa a súa ausencia*)

Acta da reunión da Comisión de Control do Plano de Pensións da Universidade de Vigo, celebrada ás 10:00 horas do día **13 decembro de 2024**, na sala de reunións do 2º andar do edificio Exeria (Xerencia), coa asistencia das persoas que se citan ao marxe e de acordo coa seguinte

ORDE DO DÍA

1. Comunicación dos novos representantes na Comisión de control do Plan motivada pola modificación do equipo directivo da Universidade; declaración de non incompatibilidade.
2. Propoñer, no seu caso, a actualización dos representantes da Comisión de control do Plan da UVIGO na Comisión de Control do Fondo.
3. Posta a disposición dos membros da Comisión de Control do informe de revisión financeiro actuarial do plan de pensións dos exercicios 2020 a 2022
4. Proposta de actualización e adaptación normativa do regulamento do plan de pensións
5. Evolución do plan e do fondo de pensións.
6. Rogos e preguntas.
7. Lectura e aprobación da acta.



A esta reunión asisten, como responsable de Abanca institucional, Jose Manuel Nogueira Durán e como Coordinador de previsión social de Abanca vida e pensionés, Jesús de Juana de la Salud.

1. Comunicación dos novos representantes na Comisión de control do Plan motivada pola modificación do equipo directivo da Universidade; declaración de non incompatibilidade.

Manuel Joaquín Reigosa Roger, DNI 36023985M, reitor da Universidade de Vigo, asiste á reunión como presidente nato da Comisión, de conformidade co artigo 38.1 do regulamento, cargo que ocupaba por delegación José María Martín Moreno, DNI 36076069V.

Así mesmo, debido a cambios no equipo directivo e no cadro de persoal de administración noméanse 3 novos membros na Comisión:

- Noemí Sirera Diéguez, DNI 36114932X, vicexerenta de Recursos Humanos, en substitución de Ángel Nieto Rodríguez, DNI 36078854E.
- María del Carmen Sánchez Barreiro, DNI 78793226X, vicexerenta de Economía e Asuntos Xerais, en substitución de María de las Mercedes Carracedo Durán, DNI 33269477T.
- Manuel Valebona Refojos, DNI 36104316C, xefe da sección de Retribucións e Seguros Sociais, en substitución de Marta Cogolludo Fernández, DNI 36069600B.

O reitor e os tres novos membros da comisión entregan o documento de incompatibilidade asinado.

Dáse a benvinda ás novas persoas que forman parte da Comisión.

Segundo a designación do reitor de data 18 de novembro de 2024, noméase a Manuel Valebona Refojos como secretario da Comisión de Control do Plan de Pensionés, polo tempo que falta para a seguinte renovación dos membros da comisión.

2. Propoñer, no seu caso, a actualización dos representantes da Comisión de control do Plan da UVIGO na Comisión de Control do Fondo.

A Comisión designa a *María del Carmen Sánchez Barreiro con DNI 78793226X*, como nova representante na Comisión de control do Fondo.

Polo tanto, os actuais representantes da Comisión de control do Plan da Universidade de Vigo na Comisión de control do fondo son María Montero Muñoz e *María del Carmen Sánchez Barreiro*.



3. Posta a disposición dos membros da Comisión de Control do informe de revisión financeiro actuarial do plan de pensións dos exercicios 2020 a 2022.

O representante da Entidade Xestora fai entrega do informe en formato pdf e cumprindo as esixencias do artigo 23 do Regulamento de Plans e Fondos de Pensións.

O informe foi elaborado pola consultora NOVASTER GE S.A. e traslada o correcto funcionamento do plan tanto ao nivel financeiro como na evolución do colectivo de partícipes e beneficiarios.

Acórdase remitir o informe ás/aos membros da comisión de control.

A próxima revisión financeiro actuarial será dos anos 2023 a 2025 é será preciso o seu encargo a unha consultora de actuaría durante o ano 2025.

4. Proposta de actualización e adaptación normativa do regulamento do plan de pensións

A Entidade Xestora do plan de pensións propón a actualización dunha serie de artigos dentro do regulamento interno do plan para a súa adaptación á normativa vixente derivada da Lei 12/2022, de 30 de xuño, de Regulación para o impulso dos Plans de Pensións de emprego ([BOE do 1 de xullo de 2022](#)), así como ao Real decreto 668/2023, de modificación do Regulamento de Plans e Fondos de Pensións ([BOE do 20 de xullo de 2023](#)).

Os artigos a actualizar son os seguintes:

Artigo 6 “Partícipes”: A normativa reduce o prazo máximo de incorporación ao plan de pensións e a obriga de achegas do promotor pasando de dous anos a un mes. Esta modificación supón que calquera empregado da Universidade, con independencia do tipo de contrato laboral, pode solicitar o acceso ao plan no momento de cumprir un mes de antigüidade e ter dereito á recibir achegas da Universidade.

Artigo 11 “Alta dun beneficiario no plan”: É necesario incorporar e equiparar en todos os dereitos á parella de feito respecto do cónxuxe. En particular para a continxencia de falecemento. Na última actualización do regulamento a Universidade xa aprobou esta equiparación respecto do suposto excepcional de liquidez de enfermidade grave.

Artigo 15 “Dereitos dos partícipes”. Incorpórase unha mención no parágrafo 9 en relación á posibilidade de traspaso dos dereitos do partícipe a outro plan de pensións en caso de cese efectivo na relación laboral coa Universidade. Esta mobilización é posible salvo que o motivo do cese derive do pase a situación de continxencia de partícipe (xubilación, incapacidade, dependencia ou falecemento) onde o artigo 35.5 do Regulamento de Plans e Fondos de Pensións prohibe, expresamente, esta mobilización se o partícipe atópase en situación de continxencia.



Artigo 38 “Funcionamento da Comisión de Control”: Actualízase a obriga de reunirse a dúas veces por ano. Orixinalmente requiríase unha única reunión, pero a nova normativa establece que fosen dúas.

Sométese a votación a nova redacción dos artigos mencionados.

A Comisión de Control acorda, por unanimidade, a proposta debido a que son cambios legais de obrigado cumprimento con independencia da súa inclusión no regulamento interno do plan.

Asemade, tradúcense dous parágrafos adicionais en dous artigos posto que estaban redactados en castelán.

5. Evolución do plan e do fondo de pensións.

O Coordinador de previsión social de Abanca vida e pensións, Jesús de Juana de la Salud, pasa a comentar de forma breve a situación dos mercados e a visión do equipo de investimentos da Entidade Xestora en relación ao ciclo, tendo en conta o momento desinflationista e o crecemento dos países, como á distribución de activos, apostando pola renda fixa como principal xerador de rendibilidade e mantendo certas cautelas en relación á renda variable.

O momento actual de continuadas rebaixas dos tipos de xuro tanto do Banco Central Europeo como da Reserva Ferderal americana persegue facilitar o acceso ao crédito para os países e as empresas e dinamizar a economía en liña coa tendencia baixista da inflación.

Esta tendencia propiciará que a actual carteira de renda fixa, moi posicionada en goberno (países core de centro europa con mellor rating) e crédito de empresas con alto grado de investimento con duracións curtas, vaia adaptando os activos máis cara á periferia (España, Portugal e Italia) e hacia duracións máis longas. Con todo, a exposición actual en renda fixa acada o 77,04% do patrimonio total do Fondo de Pensións ABANCA Empleo. Esta sobre exposición en renda fixa supón unha infraponderación de activos en renda variable, acadando o 13,85%.

A duración media da carteira é de dous anos e a rendibilidade implícita dun 3,21%.

Por parte da renda variable seguimos vendo máximos históricos nos distintos índices e concentrados en sectores como comunicacións, tecnoloxía ou industria no lado americano. Os múltiplos indícanos un momento “caro” para o investimento desta tipoloxía de activo historicamente. Asemade, cabe destacar que o resultado das eleccións en Estados Unidos e a posible intensificación dos conflitos entre Israel e os países da súa



contorna así como Ucraína e Rusia poden xerar mais volatilidade nos mercados. De igual forma durante 2025 espérase unha intensificación da guerra comercial entre China e os estados Unidos. Esta guerra comercial afectará a Europa na medida en que continúe a ser dependente de materiais como chips ou semiconductores, fabricados pola China e que supoñan repuntes temporais nos prezos.

En resumo, vemos maior oportunidade por rendibilidade-risco en renda fixa fronte á renda variable.

En liquidez mantense un 6,99% para atender a posibles adquisicións e futuros pagos de prestacións.

En canto a “alternativos” mantense unha posición defensiva no 5,94% concentrado en fondos de investimento inmobiliario, capital risco que evoluciona con independencia do ciclo económico e son a moi longo prazo así como unha pequena parte en fondos referenciados ao precio do ouro.

En materia ESG os cumprimentos son destacables en integración e promoción de sustentabilidade (por enriba do esixido na Declaración de Principios da Política de Investimento) e na obxectivos sustentabilidade (non esixido na nosa política) obtéñense resultados interesantes, superando un nivel do 8%.

En todo caso, o peche de outubro (último dato facilitado pola área de investimentos da xestora) lanza unha rendibilidade positiva no plan de pensións dun 4,62%. Asemade, o patrimonio do plan creceu ao longo do ano nun 5,04% ata os 16.530.789,14 de euros.

O último dato de rendibilidade a 12 de decembro ascende a 6,34% durante o ano 2024.

6. Rogos e preguntas.

Débase nomear un representante dos/as partícipes pola xubilación de Cándido Pérez Betanzos.

Miguel Loureiro pide que se fagan xornadas informativas nos tres campus.

María Montero solicita saber a situación actual de partícipes. Jesús de Juana queda pendente de enviar esta información detallada que será enviada a todos/as os membros da comisión de control.

Pedro González Santamaría quere saber como redefinir as inversións en renda fixa e variable.

Miguel Loureiro solicita información da situación do plan tendo en conta o IPC. Esta información queda pendente de recibirse pola entidade xestora e será trasladada á Comisión de control.



7. Lectura e aprobación da acta.

Danse uns minutos para a redacción e repaso da acta que, finalmente, queda aprobada por unanimidade.

E sen máis asuntos que tratar, dáse por concluída esta reunión ás 11:30 horas.

O Presidente,
Manuel Joaquín Reigosa Roger

O secretario,
Manuel Valebona Refojos

